

COMISIÓN INFORMATIVA DE RETO DEMOGRÁFICO, IGUALDADE, BENESTAR E EMPREGO

ACTA da mencionada comisión informativa, correspondente ao día **20 de maio de 2021**

Ás 17.01 horas do día 20 de maio de 2021, reúnese a Comisión Informativa de Reto Demográfico, Igualdade, Benestar e Emprego, no salón de Plenos da Deputación Provincial, coa asistencia dos seguintes deputados e deputadas:

Presidenta: D.^a Luz Doporto Real

Deputados/as do Grupo Popular:

D.^a Consuelo Vispo Seara

D. Álvaro José Fernández López

D.^a Ana Patricia Torres Madureira

D. César Manuel Fernández Gil

Deputados/as do Grupo Socialista:

D.^a Margarita Pérez Fernández

D.^a Rosario Rodríguez Delgado

D. Álvaro Vila Araújo

Deputado de Democracia Ourensana: D. Armando Ojea Bouzo

Deputado do BNG: D. Bernardo Varela López

Deputada non adscrita: D.^a Montserrat Lama Nóvoa.

Secretario: D. Adamantino Barreiro García

Interventor: D. José Mosquera Casero

Non asisten a deputada do Grupo Socialista dona Susana Rodríguez Estévez, que é substituída por dona Rosario Rodríguez Delgado.

Seguidamente, iniciouse o tratamento dos asuntos incluídos na orde do día, do xeito que se reflicte a continuación:

1º.- APROBACIÓN DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR, CORRESPONDENTE Á ORDINARIA DO DÍA 22 DE ABRIL DE 2021.-

Pola Secretaría Xeral deuse traslado do borrador da acta anterior, correspondente á ordinaria do día 22 de abril de 2021.

Non se producen intervencións e por unanimidade a comisión adopta o seguinte acordo:

Aprobar a acta da sesión ordinaria da Comisión Informativa de Reto Demográfico, Igualdade, Benestar e Emprego do día 22 de abril de 2021, conforme co borrador elaborado pola Secretaría Xeral.

2º.- MOCIÓN DE URXENCIA.- Non se presentan.

3º.- ROGOS E PREGUNTAS.- Nesta quenda prodúcense as seguintes intervencións:

D. Álvaro Vila Araújo, do Grupo Socialista, pregunta pola xestión dos fondos europeos, e a posibilidade de que se xestione desde a Deputación parte deles. Indica que o día 4.03.2021 tiveron una primeira reunión parte do grupo de goberno e parte técnica, unha mesa de traballo para preparar a xestión. O día 23.04.2021 a reunión foi máis selecta co grupo da oposición, e como non podemos estar nesa sesión, pregunta que medidas, programas, estratexias e iniciativas se contemplan nesa mesa de traballo respecto aos fondos europeos.

A presidenta da comisión, toma nota da pregunta e manifesta que se lle contestará polos medios oportunos tan pronto teña a información que demanda.

E, ás 17.03 horas, dáse por finalizada a reunión, redactándose a presente acta que se asinará electronicamente. Dou fe.